



Información sobre o proxecto

Calculando en galego

PROXECTO DE INNOVACIÓN LINGÜÍSTICA

Secretaría Xeral da Lingua



Traballo na aula



obradoiros



roteiros



Coa colaboración de moitos departamentos fumos lendo os textos, traducindo, comprendendo e creando.

Lingua Galega

Lemos e traducimos algúns capítulos do libro, estudamos o léxico e algunha curiosidades do mesmo.
Creamos un xogo sobre a lingua galega.

Lengua Española

Lemos e traducimos algúns capítulos do libro, comparamos o léxico do castelán e do galego.
No futuro faremos un libro de estilo da lingua española.

Matemáticas

Estudamos con atención os problemas propostos por Beremiz, o gran calculador do libro.
Analizamos as súas propostas de resolución e propoñemos novas aplicacións ou exemplos dos conceptos traballados.

Xeografía e historia

Estudamos con máis atención a cultura musulmá, afondamos na arte, na economía, no comercio, na política...

Bioloxía e Xeoloxía

Distinguimos as plantas, a súa clasificación, a súa forma de reproducirse, etc.
Aprendemos que existen especies invasoras e por que son nocivas para a nosa contorna.

Estamos creando un libro interactivo que recolla unidades de traballo de todas as materias implicadas.

volver



Preme na imaxe para botarlle un ollo





Ao longo do curso houbo xente especializada en diferentes temáticas que nos axudaron a comprender un pouco máis os temas que estabamos a traballar no libro.

Obradoiro de Regueifas

Foi moi chulo aprender sobre rima e ritmo neste obradoiro. Incluso fomos a un certame, aínda que non conseguimos a rosaca do premio, pasámolo moi ben.



volver



Obradoiro sobre especies invasoras en Galicia

Puidemos aprender cousas tan importantes como que o bosque autóctono é moito máis resistente ao lume.

Ou que o “madroño” se chama érbedo en galego.



Obradoiro sobre a cultura popular galega e a muller


Da man de Xisco Feijoo aprendimos como se montaba unha boa foliada no tempo das nosas avoas e avós.



preme na imaxe

Zoco no IES A GUIA

Rematamos o curso montando un zoco no que as mercadorías máis prezadas eran os nosos traballos de investigación.



preme na imaxe

Libro das cantareiras

Todo o instituto traballou de forma conxunta da clase de lingua galega para crear esta marabilla.

A maquetación desta xoia é obra da nosa profe de clásicas.



preme na imaxe

pincha para ver máis





Como o protagonista da nosa historia, nós temos que coñecer tamén a nosa contorna para valorala, amala e respectala.

Sáímos a identificar especies invasoras e autóctonas polo monte da Guía, facemos unha merendola popular na carballeira e xogamos todxs xuntos.



volver



pincha para ver máis

